

1.6 Concellos de máis de 35.000 habitantes

Para complementar descritivamente o presente informe, este derradeiro capítulo repasa someramente a situación dos nove concellos galegos con máis de 35.000 habitantes en relación co obxecto deste informe.

En primeiro lugar, e a partir da información fornecida en cadansúa entrevista individual, repásanse os aspectos xerais en políticas da Sociedade da Información; deseguido, abórdase unha somera descrición da presenza na Internet, centrando o debuxo nos aspectos máis ligados ao fornecemento de servizos avanzados ao cidadán.

1.6.1 Concello da Coruña

O Concello da Coruña, a través da súa Concellaría de Planificación e Innovación, manifesta unha aposta moi clara pola introdución das TIC en tódolos ámbitos, comezando pola propia capacidade de xestión e fornecemento de servizos do concello: o desenvolvemento da Administración Electrónica é un dos seus grandes proxectos na Sociedade da Información.

Así, a evolución da situación actual cara ao medio prazo basearase na evolución dos servizos en varias áreas de actuación, entre outras a licitación electrónica e o portal do provedor; o desenvolvemento da capacidade de realización de trámites en liña; a relación con axentes intermedios con moita actividade administrativa, como notarías ou rexistros; o intercambio de información interadministrativa; ou o aproveitamento das diferentes canles telemáticas para a relación co cidadán: Internet, televisión, teléfono móbil... Neste eido, o proxecto Tarxeta Cidadá xogará un papel decisivo fornecendo o medio para unha comunicación segura e fiable coas plataformas telemáticas do concello.

O Concello da Coruña tamén aposta por impulsar os proxectos de adopción das TIC nos axentes públicos con presenza na vida cotiá dos coruñeses. Exemplifican esta cuestión os recentes proxectos de incorporación das TIC aos mercados municipais e á lonxa.

A través do apoio decidido ás accións de asimilación das novas tecnoloxías, o Concello da Coruña quere contribuír dun xeito efectivo ao desenvolvemento da Sociedade da Información no seu ámbito territorial, tratando de solventar as posibles eivas ou barreiras que, ao seu xuízo, o impiden ou frean. Neste sentido, cómpre destacar as seis aulas da Internet no concello ou a informatización plena dos centros educativos, espazos a través dos cales máis de 1.000 persoas anuais son formadas en TIC. Complementariamente, os centros cívicos e as bibliotecas actúan como puntos de acceso público á Internet.

Con respecto ao desenvolvemento empresarial, o concepto de *Cidade do Coñecemento*, avoga pola creación de espazos de cooperación entre as empresas TIC da cidade e comarca.

Finalmente, no tocante ao desenvolvemento de proxectos tecnolóxicos para o concello, dúas achegas adicionais. Por unha banda, o software libre cobrará cada vez

maior protagonismo no Concello da Coruña, ademais de polas súas cualidades intrínsecas, pola capacidade dinamizadora que induce no tecido TIC local. Por outra, enténdese desde o concello que a cooperación entre a Xunta de Galiza e os grandes municipios galegos para o desenvolvemento de solucións para a administración local pode ser unha boa vía de pilotaxe de cara á posterior extensión a concellos medianos e pequenos, pola capacidade en recursos e polo nivel de demanda derivado da súa poboación que achegan os grandes concellos.

A páxina web do Concello da Coruña (<http://www.aytolacoruna.es>) amósase en castelán, galego e inglés. Baixo o apartado *Concello*, estrutura os diversos servizos avanzados asociados á actividade do concello que fornece aos seus usuarios.



Figura 54: Páxina web do Concello da Coruña.

Entre os servizos máis salientables que fornece a páxina web do concello, cómpre salientar:

- > **Carpeta do cidadán.** O rexistro como usuario do portal permite personalizar os contidos e servizos do mesmo segundo as propias necesidades, dispoñendo incluso dunha conta de correo de balde no dominio @corunamail.com. O rexistro da lugar á carpeta do cidadán que, segundo o propio web, "proporciona un novo contorno de relación persoal, de forma de comunicación" entre o concello e os cidadáns. O usuario configura esta carpeta cos temas do seu interese, que van desde os datos asociados ao rexistro no portal até subscrición a novas, relación tributaria incluídos pagos en liña (con autenticación a través de número PIN) ou reserva de entradas para espectáculos con organización

municipal. O uso máis avanzado implementado sobre a carpeta do cidadán (que tamén admite relación vía certificado dixital da FNMT) é a relación tributaria: consulta de recibos pendentes, pagamento en liña, calendario fiscal...

- > **Trámites e xestións**. O portal permite levar a cabo dúas xestións en liña de xeito íntegro, á marxe das do ámbito tributario xa referidas: a solicitude de volante de empadramento e a solicitude de información de obxectos perdidos.
- > **Pagamentos en liña**. Esta modalidade de pagamento faise a través dun servidor seguro, onde os datos só serán identificados pola entidade financeira (dúas: Caixa Galicia e Caixanova). Para realizar este tipo de pagamento, o usuario necesita, como xa se indicou, un PIN que pode obter cumprimentando un formulario que pode atopar na propia páxina.
- > **010 online**. Este apartado do web municipal implementa a canle telemática para o servizo de información telefónica 010, fornece a posibilidade de realizar procuras na base de datos de información deste servizo, solicitar información de contido municipal ou da cidade, realizar unha reclamación, queixa ou suxestión de competencia municipal e expresar un comentario, agradecemento ou opinión de cometido municipal ou de interese para a cidade.
- > **Anuncios: selección de persoal, concursos e licitacións, subvencións, bolsas e axudas**. Para todos estes ámbitos, o web do concello dispón dun taboleiro de anuncios onde se pode atopar e descargar toda a información asociada a estes procesos: bases de convocatorias, pregos de cláusulas ou información asociada aos procesos de selección precisa para concorrer ás prazas que se convocan.
- > **Impresos oficiais**. Co fin de facilitar as tramitacións aos cidadáns, a web ofrécelles aos internautas a posibilidade de dispoñer en formato PDF de máis de vinte impresos mediante os que se inician procedementos administrativos no concello.
- > **Información de plenos e xuntas de goberno**. As ordes do día dos plenos e os extractos dos acordos adoptados pola xunta de goberno son consultables en liña, así como os orzamentos vixentes e a normativa municipal.
- > **Outros servizos**. Outros servizos que fornece o portal é o catálogo en liña e procura de fondos das bibliotecas municipais, unha bolsa de emprego ou información do Centro Municipal de Información Xuvenil.

1.6.2 Concello de Ferrol

O Concello de Ferrol entende que o desenvolvemento da Sociedade da Información na súa bisbarra debe ser un complemento perfecto ás potencialidades principais da cidade, verdadeiro motor económico e de xeración de postos de traballo.

Así, a industria do sector naval, a actividade da nova dársena exterior e o aproveitamento do atractivo turístico do patrimonio histórico, cultural e arquitectónico da cidade son os eixos arredor dos cales xiran as políticas de desenvolvemento económico do concello.

Neste contorno, a incorporación das TIC a estes ámbitos de actividade é a primeira preocupación do concello en relación coa Sociedade da Información, xa que as considera chave na competitividade empresarial e, polo tanto, chave no desenvolvemento da bisbarra ferrolá.

Noutra orde de cousas, o concello debe comportarse exemplarmente no proceso incorporador das TIC á actividade cotiá de xestión e prestación de servizos. Polo tanto, e dentro da capacidade que fornece a dispoñibilidade orzamentaria para investimento en TIC, o Concello de Ferrol desenvolverá paulatinamente servizos ao cidadán por canle telemática, a partir da base xa existente.

A páxina web do concello de Ferrol (<http://www.ferrol-concello.es>) amósase en galego e castelán. Baixo o apartado *Administración*, estrutura os diversos servizos avanzados asociados á actividade do concello que fornece aos seus usuarios.



Figura 55: Páxina web do concello de Ferrol.

O Concello de Ferrol está a traballar para incorporar á súa web servizos de tramitación en liña baixo a facilidade de Carpeta do Cidadán, desde a que, na actualidade, pode acceder á consulta de estado de determinados trámites no concello. A autenticación para o acceso a este servizo é por usuario e contrasinal.

Na mesma área de información denominada *Administración*, o usuario ten acceso a:

- > **Descarga de impresos.** O web dispón de máis dunha ducia de impresos e formularios oficiais para a súa descarga en formato PDF, correspondentes a seis áreas municipais.
- > **Normativa.** Normativa municipal, ordenanzas fiscais, calendario fiscal e orzamento.

- > **Outra información.** a páxina do concello de Ferrol proporciona outra información, como convocatorias, avisos e licitacións, a exposición do PXOM ou as vías de comunicación telemática con alcalde e concelleiros.

1.6.3 Concello de Lugo

En relación con o desenvolvemento da Sociedade de Información, o Concello de Lugo está levando a cabo dous grandes programas moi vencellados, Lugo Cidade Dixital e Lugo Cidade Singular. As actuacións no marco de ambos pódense artellar en torno a dous grandes eixos de actuación: administración electrónica e aplicación das TIC á dinamización social.

No primeiro punto intégranse todas aquelas iniciativas que permiten modelar as relacións entre o goberno local e os distintos colectivos: cidadáns, empresas e empregados do concello. En concreto, neste eixo abordaranse aspectos como o desenvolvemento da estratexia de servizos telemáticos e as oficinas integrais de atención ao cidadán e ao funcionario.

O portal do concello sufrirá profundos cambios co fin de fornecer maior información e servizos aos cidadáns. O denominado Cartafol Cidadán onde proverá en liña unha serie de servizos personalizados para os distintos colectivos, servizos que requirirán autenticación. Para isto, está previsto o desenvolvemento da tarxeta cidadá, que se artellará como soporte único de autenticación ante os diferentes servizos da administración municipal, tanto de xeito presencial como a través da Internet. Entre os principais servizos do Cartafol Cidadán estarán o inicio en liña de trámites, a consulta do estado de tramitación de expedientes ou o pago de tributos e taxas.

Outra liña de acción é a evolución do servizo 010 do Concello de Lugo, o cal, coa integración multicanal prevista, será unha verdadeira plataforma integral de servizos de atención ao cidadán.

Como complemento ao portal público, estase a desenvolver unha Intranet do Concello, orientada á xestión colaborativa dos contidos do portal e ás tarefas de xestión municipal, converténdose así no contorno de traballo dos empregados do Concello de Lugo.

No tocante á dinamización social, desenvolveranse tres proxectos claramente diferenciados:

- > **Proxecto ABRED.** O propósito xeral deste proxecto é deseñar, implantar e avaliar un contorno educativo baseado na construción dunha rede de aprendizaxe que permita a intervención educativa no fogar con aqueles nenos/as de infantil e primaria que, por problemas de saúde, vense obrigados a abandonar as súas aulas escolares durante algún tempo.
- > **Alfabetización Tecnolóxica de Centros Sociais e Asociacións lucenses.** Trátase de aproveitar os espazos físicos dos centros e asociacións para facer chegar as tecnoloxías da Sociedade da Información aos cidadáns, dotalos de infraestruturas HW / SW e ofrecer

formación práctica ao persoal sobre o uso desas infraestruturas e tecnoloxías.

- > Portelo Único Empresarial Lucense. Servizo que facilita aos cidadáns a posta en marcha de novas iniciativas empresariais baixo formas xurídicas, facilitando información, asesoramento e ferramentas telemáticas que involucren a tódalas áreas do concello para realizar a tramitación telemática dos aspectos de posta en marcha esixidos pola normativa municipal. Ademais, dentro do programa Lugo Dixital está previsto desenvolver un plano de formación orientado en torno a dúas vertentes:
 - Formación básica en hábito dixital: ferramenta formativa que pretende estimular o hábito dixital nos cidadáns, é dicir, a aprendizaxe máis básica da tecnoloxía e as súas posibilidades.
 - Formación especializada no ámbito empresarial: cursos de xestión empresarial de aplicación das TIC aos procesos de negocio das empresas.

Outras actuacións subliñables son o Proxecto Parque, relativo a infraestruturas de telecomunicacións, e accións de divulgación na liña do Campus Party.

A páxina web do Concello de Lugo (<http://www.concellodelugo.org>) amósase en galego e castelán. Baixo o apartado *Oficina Virtual*, estrutura os diversos servizos avanzados asociados á actividade do concello que fornece aos seus usuarios.



Figura 56: Páxina web do concello de Lugo.

A sección *Oficina Virtual* do web proporciona a posibilidade de descargar máis de sesenta formularios para a realización de trámites e xestións municipais en formato PDF. Outros apartados subliñables do portal son:

- > **Buzón do cidadán.** Utilidade para presentar cuestións non autenticadas ao concello que inclúe a listaxe de preguntas frecuentes.
- > **Normativa.** O portal publica as ordenanzas municipais e a información relativas á xunta de goberno e aos plenos.
- > **Outra información.** O portal inclúe a información relativa ao PXOM, o blog do alcalde e a posibilidade de acceso aos contidos de interese vía mensaxes SMS ao teléfono móbil.

1.6.4 Concello de Narón

O Concello de Narón é consciente das bondades que pode achegar o desenvolvemento das novas tecnoloxías para os habitantes do municipio. Por isto, co obxectivo de contribuír ao desenvolvemento da Sociedade de Información no concello, está acometendo unha serie de actividades que se poden estruturar en torno a dous ámbitos principais de actuación.

Por unha banda, garantir a universalidade no acceso aos servizos da información para tódolos cidadáns do concello. No concello de Narón existe un déficit importante de infraestruturas de acceso; tanto é así que mesmo nos polígonos industriais se aprecian eivas de acceso por parte das empresas, o que supón un lastre no desenvolvemento económico do municipio.

O concello trata de paliar estas deficiencias, na medida das súas posibilidades e limitacións orzamentarias, fornecendo servizos de acceso desde tódalas comarcas que o conforman. En cada unha delas existe un local social con conexión á Internet, aínda que é certo que non todas elas dispoñen de acceso a banda larga. Ademais, na biblioteca municipal existen 35 puntos de acceso á Internet, que xunto coa casa da mocidade, a aula de informática da Deputación e o centro da terceira idade conforman a oferta de servizos de acceso público para os cidadáns.

En paralelo, e co obxectivo de que a falla de formación, a outra principal barreira de entrada da sociedade da información, deixe de ser tal eiva, o Concello de Narón leva tempo ofertando cursos de iniciación nas novas tecnoloxías da información, para tratar de rachar unhas dificultades que se presentan con maior incidencia no medio rural e na poboación maior e con menos estudos.

Por outra banda, avanzar na posta en liña de tódolos servizos administrativos que se ofrecen ao cidadán é a segunda gran prioridade manifestada. Segundo os propios responsables do concello, Narón dispón da tecnoloxía de base necesaria: así, os procesos de xestión do concello están informatizados e o *back-office* establecido, polo que o seguinte paso que se plantexa é xa avanzar na posta en liña destes servizos.

Acompañar esta acción co necesario cambio cultural, funcional e organizativo do concello é o gran reto. Desde a perspectiva do Concello de Narón, municipios do seu tamaño requiren a cooperación doutras administracións e o plantexamento de

proxectos compartidos que permitan acadar economías de escala e redunden nun servizo máis eficaz e para os cidadáns.

A páxina web do concello de Narón (<http://www.naronconcello.org>) amósase en galego e castelán. Baixo o apartado *Concello en liña*, estrutura os diversos servizos avanzados asociados á actividade do concello que fornece aos seus usuarios.



Figura 57: Páxina web do concello de Narón.

Baixo o devandito epígrafe *Concello en liña*, o usuario ten a capacidade de realizar denuncias á policía local, reclamacións e solicitudes ao concello e descargar máis dunha ducia de formularios e impresos para trámites ou xestións ante o concello.

Outras informacións sobranceiras do portal son as ordenanzas fiscais, o PXOUM, o orzamento municipal e os calendarios administrativos.

1.6.5 Concello de Ourense

A principal liña de actuación do Concello de Ourense en relación coa Sociedade da Información é a evolución tecnolóxica e funcional da súa plataforma de xestión e servizos ao cidadán, co obxectivo a medio prazo da posta en liña dos servizos administrativos máis demandados, como podían ser os do ámbito tributario.

As achegas de maior interese por parte do Concello son as relativas ás necesidades e actuacións a afrontar para que o progreso das administracións locais no eido da Sociedade da Información sexa real:

- > O artellamento de mecanismos de cooperación entre administracións, para solventar as eivas de estrutura e recursos da ampla maioría dos concellos.
- > A concienciación e sensibilización dos niveis políticos na necesidade de investir na Sociedade da Información.
- > O incremento da competencia, onde sexa factible, na prestación de servizos de telecomunicacións.
- > A dotación orzamentaria.
- > A dotación de funcións á Administración Local no relativo a infraestruturas, nomeadamente as redes de acceso sen fíos de banda larga.
- > A consideración específica dos grandes concellos, diferenciadamente dos pequenos e medianos, pola especificidade das súas necesidades e pola importante área de influencia, tanto en territorio como, sobre todo, en poboación.

A páxina web do concello de Ourense (<http://www.ourense.es>) amósase en galego e castelán. Baixo o apartado *Concello*, estrutura os diversos servizos avanzados asociados á actividade do concello que fornece aos seus usuarios.



Figura 58: Páxina web do concello de Ourense.

Os servizos máis subliñables fornecidos polo portal baixo o apartado *Concello* son os seguintes:

- > **Trámites e impresos.** Permite a descarga de máis de sesenta formularios e impresos para a realización de trámites e xestións ante o concello.
- > **Normativa.** Publícanse as ordenanzas municipais e fiscais; como complemento a estas, dispónse dun calendario de pagamentos.
- > **Licitacións e contratos.**
- > **Ofertas de emprego municipal.** Permite buscar a información e documentación asociada aos procesos de selección de persoal.
- > **Convocatorias de premios e concursos.**

1.6.6 Concello de Pontevedra

En relación co desenvolvemento da Sociedade da Información na cidade, o Concello de Pontevedra afronta as limitacións orzamentarias que explicitan a maioría dos organismos entrevistados, o que fai que as actuacións deban a acotarse a ámbitos moi concretos. Neste sentido cómpre adiantar que non existe un proxecto integral que contemple o desenvolvemento das actuacións, senón que estas vanse artellando con pequenos avances en función da dispoñibilidade orzamentaria e as necesidades existentes.

Así, os esforzos envórcanse na modernización administrativa do concello como primeira fase de actuación. O obxectivo é, por tanto, avanzar no desenvolvemento de aplicacións de xestión, na implementación dos servizos da administración electrónica e a incorporación das TIC como elemento tractor e exemplificador para os demais axentes do ámbito territorial.

Á marxe da propia modernización administrativa, as iniciativas que se están abordando en relación coa Sociedade da Información encádranse fundamentalmente no marco dos proxectos europeos do eido laboral, como poden ser as escolas taller, as accións formativas en TIC ou mesmo as minibolsas de emprego.

Entre os factores que poden frear o desenvolvemento da Sociedade da Información nos concellos, a xuízo dos responsábeis do Concello de Pontevedra, cabe situar en primeiro lugar as propias prioridades de goberno dos equipos rectores, que normalmente non entenden este ámbito como prioritario no destino das capacidades de investimento, as cales se dirixen a outro tipo de actividades. Por outra banda, o impacto do cambio organizacional e cultural entre os empregados públicos e a insuficiencia de recursos de toda índole –materiais e humanos, pero tamén económicos–, especialmente nos concellos de menor tamaño, configúranse como outras barreiras moi relevantes.

A páxina web do concello de Pontevedra (<http://www.concellopontevedra.es>) amósase en galego, castelán e inglés. Baixo o apartado *Atención ao cidadán*, estrutura os diversos servizos avanzados asociados á actividade do concello que fornece aos seus usuarios.




Figura 59: Páxina web do concello de Pontevedra.

Baixo o citado apartado de *Atención ao cidadán* fornécense os seguintes tipos de contidos:

- > **Trámites e xestións**. É posible descargar quince formatos de documentos e impresos oficiais para o inicio de trámites e xestións ante o concello.
- > **Calendario do contribuínte**.
- > **Concursos e licitacións**.
- > **Xunta de Goberno Local e Pleno**. Publícanse as ordes do día e as actas destes órganos colexiados.

Baixo outros apartados do web, é posible consultar a normativa municipal e toda a información relativa a **emprego público**.

1.6.7 Concello de Santiago

Ao amparo do Plano estratéxico de Santiago de Compostela, o concello compostelán definiu unha serie de ámbitos de actuación relativos á Sociedade da Información que procuran situar á cidade na vangarda de uso das TIC, e que se poden sintetizar nas seguintes liñas:

- > Creación de solo produtivo para a actividade TIC e dotación de infraestruturas tecnolóxicas de última xeración e servizos TIC para o tecido empresarial instalado na bisbarra.
- > Desenvolvemento da accións formativas, especificamente no ámbito laboral e do emprego –formación continua e ocupacional–, no marco das iniciativas locais de emprego. Nesta liña, púxose en marcha o portal Educa Compostela Dixital, co obxectivo de promover accións orientadas á mellora integral da calidade da educación na comunidade compostelá mediante o aproveitamento das utilidades e capacidades que fornecen as TIC.
- > Despregamento de infraestrutura de banda larga na cidade, con especial dedicación a atopar solucións para a zona vella, onde existe un elevado nivel de protección patrimonial.
- > Apoio e titorización da incorporación e utilización efectiva das TIC na peme, especialmente nun sector tan relevante para a cidade como o comercio, para o que se redactou un Plano de excelencia comercial.
- > Proxección a través da Internet do patrimonio histórico, artístico e cultural da cidade, como ferramenta para o crecemento económico a través do turismo e da atracción de actividade empresarial.
- > Creación de espazos de participación na Sociedade da Información, combinando o sector público e o privado, como exemplifica a Rede de Cooperación Local.
- > Desenvolvemento da administración electrónica para os servizos ao cidadán que fornece o propio concello, co obxectivo de racionalizar o uso dos recursos públicos, mellorar a atención ao cidadán, garantir unha maior accesibilidade á información e aos servizos municipais e ampliar a eficiencia na súa prestación. Cabe subliñar que o Concello de Santiago dispón dun Libro Branco da Modernización.

A páxina web do concello de Santiago (<http://www.santiagodecompostela.org>) amósase en galego, castelán, inglés, alemán e francés. Baixo os apartados *Carpetas Cidadá* e *e-Santiago*, estrutura os diversos servizos avanzados asociados á actividade do concello que fornece aos seus usuarios.



Figura 60: Páxina web do Concello de Santiago.

O Concello de Santiago fornece aos usuarios de súa web, baixo o epígrafe Carpeta Cidadá a posibilidade de realizar trámites en liña no ámbito tributario. Unha vez acadado un identificador a través da Oficina Municipal de Atención ao Cidadán, é posible levar a cabo: consultas de recibos, pagos de recibos en liña, impresións de documentos de pago, solicitudes de novos períodos de pago de recibos fóra de prazo, domiciliacións de tributos, cambios de enderezo de notificación de impostos e autoliquidacións de vehículos para concesionarios.

O resto do portal –que é personalizable polo usuario tras o seu rexistro– fornece máis servizos de interese, entre os que cabe salientar:

- > **Convocatorias, emprego público e licitación.** Para todos estes ámbitos, o web fornece, para a súa descarga, a información asociada a estes procesos: bases de convocatorias, pregos de cláusulas ou información asociada aos procesos de selección para emprego público.
- > **Guieiro de xestións e trámites municipais.** Ofrece información e descarga de formularios para preto dun cento de xestións e trámites co concello.
- > **Outra información de interese.** O web publica normativa municipal, actas e acordos das sesións plenarias e a xunta de goberno e avisos de servizo.
- > **Comunicación directa co concello.** A través do portal, é posible establecer comunicación non autenticada a través de formulario co servizo de atención ao cidadán, coa alcaldía e coas concellarías.

1.6.8 Concello de Vigo

Os responsables do Concello de Vigo son conscientes do protagonismo que a cidade está adquirindo cada vez con maior intensidade coma eixo promotor do desenvolvemento integral da súa rexión de influencia, converténdose así no centro das infraestruturas do sur de Galiza, con capacidade para artellar os diferentes ámbitos territoriais no marco dos novos desafíos que presenta a integración económica local.

Este protagonismo debe ter como base fundamental o continuo esforzo por parte da administración de estar sempre á vangarda en tódolos ámbitos de actuación, sendo a Sociedade da Información a plataforma básica sobre a que se pode artellar e proxectar eses avances. A cidade de Vigo conta con tódolos alicientes para desenvolver a Sociedade da Información, e manifesta a vontade de ser líder e referente non só para os concellos máis próximos senón tamén no contorno galego e mesmo no estatal.

A oferta tecnolóxica e científica de Vigo é relevante, cun número importante de organismos con capacidade para prestar servizos tecnolóxicos ás empresas, ademais de contar cunha Universidade con escolas de Telecomunicacións e Enxeñería Informática capaces de xerar o capital humano necesario.

A actual situación de dependencia en torno a un sector industrial moi concreto require actuar na diversificación económica, campo no que a actividade ligada á tecnoloxía en xeral e ás TIC en particular pode ser moi relevante a medio prazo. O Concello de Vigo entende que é labor primordial, súa e dos restantes poderes públicos, artellar os mecanismos que permitan engranar de xeito efectivo a tódolos axentes que interveñen nos procesos de configuración desta actividade económica.

No que respecta á asimilación das novas tecnoloxías por parte do propio concello, a intención deste non é outra que a de ir achegando os servizos da administración cada vez máis aos cidadáns, para o que está a traballar na incorporación progresiva das súas estruturas á Sociedade da Información, avanzando na implementación dos servizos que conduzan á administración electrónica. Neste contexto, o web municipal configúrase como punto central da súa estratexia para aplicar e proxectar o concello, tanto cara aos cidadáns como aos empregados públicos, gañando axilidade, transparencia e eficiencia.

Do mesmo xeito que outros concellos, eliminar as barreiras de acceso da poboación á Sociedade da Información é un dos obxectivos que se persegue en Vigo. Dentro da súa estratexia de facilitar a utilización das TIC ao cidadán, o concello pon a disposición deste unha conta de correo electrónico con até 100 MB, para que os vigueses poidan utilizar de balde as bondades deste servizo e fomentar así a súa utilización.

A páxina web do Concello de Vigo (<http://hoxe.vigo.org>) amósase en galego, castelán e inglés. Baixo o apartado *Concello Dixital*, estrutura os diversos servizos avanzados asociados á actividade do concello que fornece aos seus usuarios.



Figura 61: Páxina web do concello de Vigo.

Entre os servizos máis salientables que fornece a páxina web do concello, cómpre salientar:

- > **Carpeta do cidadán ou oficina virtual.** Para facer uso desta sección, os cidadáns deben rexistrarse. Unha vez que así o fan, poden acceder a:
 - Rexistro Xeral. Envío de solicitudes e documentación ao Rexistro Xeral do Concello de Vigo ou da Xerencia Municipal de Urbanismo, coa mesma validez que se os presentase persoalmente.
 - Expedientes. Consulta da tramitación dos expedientes e documentos do Concello de Vigo e a Xerencia de Urbanismo dos que é titular.
 - Tributos. Consulta, impresión, domiciliación e pagamento de recibos de IBI, IAE, Vehículos, Recollida de lixo e Exaccións Unificadas Industriais.
 - Padrón. Consulta dos datos do padrón de habitantes, obtención de volantes e certificados de empadramento.
 - Multas e sancións. Consulta do estado das multas de tráfico emitidas dende o 1 de xaneiro de 2006 e xeración da carta de pago.
 - Obtención de certificados. De non ter débedas ou de ter pagado recibos.

A identificación do usuario baséase en nome de usuario e contrasinal, que ten que ser solicitada en liña e recollida na Oficina de Información do Concello.

- > **Convocatorias, licitacións e ofertas de emprego.** Tódalas bases, pregos e información asociada a estes procesos están dispoñibles para a súa descarga no web.
- > **Impresos.** Dende o web do concello pódense descargar, en formato PDF, documentos e impresos correspondentes a preto de trinta trámites municipais.
- > **Tableiro de anuncios.** Amonsa os expedientes en exposición pública e as actas e acordos das xuntas de goberno e plenos municipais. As ordenanzas, regulamentacións e orzamentos están tamén publicadas no web. Tamén o PXOM pode consultarse na páxina.
- > **Queixas e suxestións.** Esta sección permite aos cidadáns comunicarse co concello directamente a través dun formulario en liña que non require autenticación.
- > **Correo electrónico do cidadán.** Calquera cidadán rexistrado pode optar a unha conta de correo electrónico no dominio @vigo.es.

1.6.9 Concello de Vilagarcía

A páxina web do Concello de Vilagarcía ([http:// www.ivilagarcia.com](http://www.ivilagarcia.com)) amósase en galego, castelán e inglés.



Figura 62: Páxina web do concello de Vilagarcía.

Os contidos máis salientables do portal son:

- > Un **buscador de trámites** municipais, que fornece información xeral e normativa acerca destes.
- > A **comunicación directa co concello**, escribindo ao alcalde ou realizando queixas e suxestións non autenticadas.
- > **Normativa**. Están a disposición do usuario as ordenanzas xerais, as ordenanzas fiscais e as actas do pleno e da xunta de goberno.
- > **Tableiro de anuncios**. Inclúe documentación sobre selección de persoal, cursos, concursos e premios e outra información pública.
- > Outra información, como o calendario do contribuínte ou o PXOM.